

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### NEGREIRA

##### *Ordenanza fiscal do imposto sobre actividades económicas*

O Pleno da Corporación con data de 13 de setembro de 2021, acordou a aprobación provisional da modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto sobre Actividades Económicas.

Transcorrido o prazo de 30 días hábiles dende a súa publicación no BOP sen que se presentasen reclamacións, considérase aprobada definitivamente.

Publícase a continuación o texto íntegro da citada ordenanza reguladora.

##### **ORDENANZA FISCAL DO IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS**

**Artigo 1º.-** O imposto sobre Actividades Económicas é un Tributo Directo de carácter real, sendo seu feito imponible, suxeito pasivo, cota tributaria, período impositivo e devengo, son os determinados no Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aprobou o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e demais normas que lle sexan de aplicación.

**Artigo 2º.-** A consideración de actividades empresariais, excepcións, supostos de non suxeición, etc., son tamén os que con carácter xeral se establecen na devandita normativa.

**Artigo 3º.-** A Xestión Tributaria e a Recadatoria do presente imposto, tense delegada na Excm. Deputación Provincial, polo que de aceptarse a delegación, as funcións que a Lei concede ó Concello, se deberán tramitar, perante o Organismo Provincial.

##### **Artigo 4º.-**

1.- Consonte establece o artigo 88. 2 a) do RDL 2/2004, establécese unha bonificación do 50% da cota correspondente, para os que inicien o exercicio de calquera actividade empresarial e tributen por cota municipal, durante os cinco anos seguintes á conclusión do segundo período impositivo de desenvolvemento daquela.

A aplicación da bonificación requirirá que a actividade económica non se exercera anteriormente baixo outra titularidade. Entenderase que a actividade se exercera previamente baixo outra titularidade, entre outros, nos supostos de fusión, escisión ou aportación de ramas de actividade.

O período de aplicación da bonificación caducará transcorridos cinco anos dende a finalización da exención prevista no parágrafo b do apartado 1 do artigo 82 do RDL 2/2004.

A bonificación aplicarase á cota tributaria, integrada pola cota de tarifa ponderada polo coeficiente establecido no artigo 86 e modificada, no seu caso, polo coeficiente establecido no artigo 87 desta Lei. No suposto de que resultase aplicable a bonificación a que alude o parágrafo a) do apartado 1 do artigo 88 da Lei, a bonificación prevista neste parágrafo aplicarase á cota resultante de aplicar a bonificación do citado parágrafo a) do apartado 1.

2.- Establécese unha bonificación por creación de emprego do 50% da cota correspondente, para os suxeitos pasivos que tributen por cota municipal e que incrementaran o promedio da súa plantilla de traballadores con contrato indefinido durante o período impositivo inmediato anterior ó da aplicación da bonificación, en relación co período anterior a aquel.

A bonificación aplicarase á cota resultante de aplicar, no seu caso, as bonificacións a que se refiren os apartados 1 e 2 letra a) do artigo 88 do Real Decreto Lexislativo 2/2004.

3.- Establécese unha bonificación do 50% da cota correspondente para os suxeitos pasivos que tributen por cota municipal e que:

- Utilicen ou produzan enerxía a partir de instalacións para o aproveitamento de enerxías renovables ou sistemas de coxeneración. A estes efectos, consideraranse instalacións para o aproveitamento de enerxías renovables as contempladas e definidas como tales no Plan de Fomento das Enerxías Renovables. Consideraranse sistemas de coxeneración os equipos e instalacións que permitan a produción conxunta de electricidade e enerxía térmica útil.

- Realicen as súas actividades industriais, dende o inicio da súa actividade ou por traslado posterior, en locais ou instalacións afastados das zonas máis poboadas do termo municipal.

- Establezan un plano de transporte para os seus traballadores que teña por obxecto reducir o consumo de enerxía e as emisións causadas polo desprazamento ó lugar do posto de traballo e fomentar o emprego dos medios de transporte máis eficientes, como o transporte colectivo ou o compartido.

A bonificación aplicarase á cota resultante de aplicar, no seu caso, as bonificacións ás que se refiren os apartados 1 e 2 letras a) e b) do artigo 88 do Real Decreto Legislativo 2/2004.

4.- Establécese unha bonificación na cota do imposto para os suxeitos pasivos que tributen por cota municipal e que desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración, regulada no artigo 88.2 letra e) do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. A citada bonificación será de aplicación unicamente a aqueles supostos de implantación dunha nova actividade económica ou empresarial, así como a aqueles outros que consistan nunha ampliación das instalacións sempre e cando implique creación de emprego.

As porcentaxes de bonificación serán as seguintes:

- Ata o 95% pola creación de máis de 20 postos de traballo.
- O 75% pola creación de entre 11 e 20 postos de traballo.
- O 50% pola creación de ata 10 postos de traballo.

A declaración da actividade como de especial interese, e en consecuencia a aprobación da bonificación, corresponderá ao Pleno da Corporación, previa solicitude do suxeito pasivo, e por voto favorable da maioría simple dos seus membros.

A bonificación, unha vez aprobada, estenderase a tres exercicios orzamentarios. No caso de incumprirse as circunstancias polas que se concedeu a mesma, e previa comprobación polos servizos municipais, poderá suspenderse a bonificación antes de rematar a duración establecida.

#### **Disposición final.-**

A presente Ordenanza entrará en vigor ó día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse na data que resulte do artigo 72.6º do RDL 2/2004, de 5 de marzo, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Negreira, 8 de novembro de 2021

O Alcalde

Manuel Angel Léis Míguez

2021/7923